

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA E O CONCELLO DE RIBEIRA PARA A CONTRATACIÓN DE AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL DURANTE A TEMPADA DE VERÁN 2017

En Santiago de Compostela, 13 de setembro de 2017

REUNIDOS

Dunha parte, Alfonso Rueda Valenzuela, vicepresidente e conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, actuando no nome e representación da Xunta de Galicia, en virtude do Decreto 148/2016, do 13 de novembro, polo que se nomean os titulares dos departamentos da Xunta de Galicia, no exercicio das facultades que lle confire o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia.

Pola outra parte, Manuel Ruíz Rivas, alcalde do Concello de Ribeira, actuando en virtude das facultades representativas que lle atribúe o artigo 21.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e o artigo 61.1.a) da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia.

Todas as partes recoñécense mutuamente, na calidade en que interveñen, capacidade legal suficiente para o outorgamento deste convenio e para o efecto,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. As administracións públicas, os seus organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, no ámbito das súas respectivas competencias, poderán subscribir convenios de colaboración con suxeitos de dereito público e privado, sen que isto poida supor cesión da titularidade da competencia, ao abeiro do disposto no artigo 48 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

SEGUNDO. Entre as competencias que lle corresponden á Xunta de Galicia no relativo ás relacións coas entidades locais galegas, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, está a de cooperación e colaboración, podéndose levar a cabo mediante subvencións eventuais ou continuas e a subscripción de convenios.

TERCEIRO. O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, atribúelle a este departamento, a elaboración, proposta e execución da política do Goberno Galego en materia de Administración Local así como as competencias en materia de asistencia á Administración Local e o fomento das liñas de colaboración coas Entidades Locais.



No mesmo Decreto de estrutura orgánica, o seu artigo 20 establece que é competencia da Dirección Xeral de Administración Local, as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local, así como o fomento das liñas de colaboración coas entidades locais galegas no referente á convocatoria e execución das subvencións a elas destinadas.

CUARTO. Que, segundo dispoñen os artigos 25 e 26.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e os artigos 80 e 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de administración local de Galicia, os concellos deberán prestar á súa cidadanía os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da veciñanza.

QUINTO. A Lei orgánica 2/1986, do 13 de marzo, de forzas e corpos de seguridade, sinala que lles corresponde ás comunidades autónomas, consonte a mesma lei e a de réxime local xa citada, coordinar as actuacións das policía locais dentro do seu ámbito territorial.

Con tal motivo promulgouse a Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, que veu substituír a Lei 3/1992, do 23 de marzo, co obxectivo de coordinar as policía locais do seu territorio, obter un funcionamento homoxéneo destes corpos e acadar unha acción conxunta e eficaz no sistema de seguridade pública galega.


Nesta mesma Lei, no artigo 95, prevese que nos concellos con aumento notorio de poboación, en tempadas determinadas, poderase incrementar transitoriamente o seu cadro de persoal mediante a contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía.

SEXTO. Con data 17 de agosto de 2017, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, de conformidade co previsto no artigo 5 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas (DOG núm. 201, do 20 de outubro), aprobou o Plan Específico de subvencións a concellos turísticos de Galicia con elevado incremento poboacional, para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2017.

Neste Plan establécese que para canalizar as subvencións previstas formalizaranse os correspondentes convenios de colaboración, mediante os que se contraerán, con cargo ao crédito orzamentario que legalmente procede, os compromisos económicos concretos que se deriven das obrigas asumidas pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza para colaborar nas referidas contratacións.

Conforme co establecido no artigo 26.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia faise constar que neste convenio non son de aplicación os principios de publicidade e concorrência pública, ao realizarse o convenio en desenvolvemento do Plan Específico de subvencións aprobado, onde se recollen as razóns de interese público que xustifican a aplicación dos fondos dispoñibles mediante o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa de subvencións para a contratación temporal de auxiliares de policía local durante a tempada de verán, a aqueles concellos turísticos de Galicia co maior incremento estacional de poboación vinculado ao seu carácter de destinos turísticos e á capacidade en prazas de aloxamento.

SÉTIMO. O Concello de Ribeira, segundo datos do Instituto Galego de Estatística, atópase entre os primeiros concellos turísticos de Galicia con poboación superior a 10.000 habitantes que dispoñen de maior número de prazas de aloxamento. Durante a tempada de verán, o incremento de poboación neste núcleo require un esforzo adicional para atender a demanda dunha seguridade



pública municipal reforzada, que responda con garantías a estas específicas condicións estacionais, mediante o recurso á contratación de persoal con funcións de auxiliar de policía, figura recollida no artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, xa citada.

As dificultades para afrontar os compromisos económicos que o reforzamento dos cadros da policía local durante a tempada de verán representan para as facendas municipais únense á necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos, nun contexto de austeridade económica e estabilidade orzamentaria no que se inscribe a acción de todas as administracións públicas, sen que a Administración Local constitúa unha excepción neste sentido.

Pola súa banda, a Xunta de Galicia ten entre os seus obxectivos potenciar e apoiar a prestación de servizos por parte dos nosos concellos, como Administración máis próxima aos administrados; neste sentido atopa de interese reforzar a vixilancia e a seguridade nos concellos turísticos de Galicia con maior incremento poboacional estacional, co fin de aumentar a eficacia dos seus corpos de policía local no desenvolvemento das funcións que lles son propias durante a tempada de verán 2017 (xuño, xullo, agosto e setembro). Asemade representa unha medida de apoio ao mantemento dun importante tecido socioeconómico e da prestación de servizos, que redundará na mellora da calidade de vida local que é o ámbito máis próximo e que incide de xeito máis directo na vida da cidadanía.

A conxuntura descrita, a necesaria aplicación de criterios de eficiencia na asignación dos recursos públicos nun contexto de austeridade económica e dun marco orzamentario estable, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no reforzamento da seguridade nos concellos turísticos con maior incremento poboacional estacional, en definitiva, na eliminación de carencias nos servizos municipais sobre os que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican a aplicación dos fondos dispoñibles mediante o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención ao Concello de Ribeira, de conformidade co previsto no Plan Específico de subvencións citado no punto sexto da parte expositiva deste convenio.

OITAVO. O Concello cumpre cos requisitos para obter a condición de beneficiario da subvención de acordo co disposto no artigo 10 Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

NOVENO. Así, co fin de materializar a cooperación antes descrita, e estimando que concorren as circunstancias que así o aconsellan, a Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, acorda subscribir o presente convenio de colaboración co Concello de Ribeira para a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2017, consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto

O obxecto do presente convenio é fixar as liñas de colaboración entre a Vicepresidencia Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e o Concello de Ribeira para aumentar a eficacia do seu corpo de policía local, no desenvolvemento das funcións que lle son propias, durante a tempada de verán 2017 mediante a contratación de auxiliares de policía local.



Segunda. Obrigas do beneficiario.

Ademais das establecidas con carácter xeral na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e na súa normativa de desenvolvemento, son obrigas do concello:

- a. Destinar os fondos que se perciban ao obxecto concreto para o que se concede esta subvención, executar as actuacións que constitúen o obxecto deste convenio e cumprir todas as condicións e obrigas recollidas nel.
- b. Cumprir o establecido nos artigos 95 e 96 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, e demais normativa concordante.
- c. Xustificar ante o órgano concedente o cumprimento da finalidade da subvención, a realización da actividade ou adopción do comportamento que fundamentou a súa concesión e o seu custo real, nos termos establecidos neste convenio e demais normativa de aplicación.
- d. Proceder ao reintegro, total ou parcial, das cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora correspondentes, segundo o procedemento establecido no artigo 38 da Lei de subvencións de Galicia, nos seguintes supostos:
 - Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención.
 - Incumprimento da obriga de acreditar documentalmente a efectividade do pagamento dos gastos correspondentes ás actuacións subvencionadas, no prazo e na forma indicada na cláusula oitava deste convenio.
 - Reintegrarse o exceso de financiamento público polo importe pagado que exceda da cantidade resultante de aplicar a porcentaxe de subvención correspondente ao gasto xustificado e efectivamente pagado polo concello, nos termos do artigo 21 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, en relación co artigo 3.1 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas e coas estipulacións deste convenio.
 - Nos suposto de que se produza exceso das subvencións percibidas de distintas entidades públicas respecto do custo do proxecto ou actividade, nos termos do artigo 23 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.
 - Incumprimento das obrigas establecidas no artigo 11 e 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
 - Nos demais supostos de aplicación, nomeadamente os establecidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- e. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención de subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- f. Consentir expresamente a inclusión dos datos relevantes deste convenio nos rexistros públicos que proceda, conforme coa disposición adicional do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, dos orzamentos xerais da comunidade autónoma para o exercicio 2006 e artigo 16 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- g. Prestar a colaboración e facilitar canta documentación lle sexa requirida, no exercicio das funcións de control que lle corresponden á Intervención Xeral da Comunidade





Autónoma, ao Consello de Contas e ao Tribunal de Contas, así como o sometemento ás actuacións de supervisión e control previstas na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, así como as xerais derivadas da aplicación da normativa de axudas e subvencións.

Terceira. Obrigas da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza


A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, cooperará na realización das actuacións á que se refire a cláusula primeira deste convenio de colaboración, mediante a achega máxima de SETE MIL CINCOCENTOS EUROS (7.500,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.460.0 (C.P. 2015 00095) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2017. Esta cantidade representa o 15,78% do orzamento da actuación subvencionada que, cun importe de 47.529,44 €, se xunta como anexo a este convenio e forma parte del.

Cuarta. Gastos subvencionables

Ao abeiro deste convenio poderán financiarse os gastos nos que incorra ou tivese incorrido o concello para a contratación de auxiliares de Policía Local durante a tempada de verán (xuño, xullo, agosto e setembro) do ano 2017, nos termos do artigo 95 da Lei 4/2007, do 20 de abril, de coordinación de policía locais de Galicia, aínda que se teñan efectuado con anterioridade á sinatura deste, sempre que se trate de gastos correspondentes ao período subvencionable.

Quinta. Conta xustificativa

1. Para percibir o importe da subvención ou o que corresponda no caso de non xustificar a totalidade do orzamento presentado, e en todo caso para xustificar a aplicación dos fondos percibidos, o concello beneficiario deberá acreditar a execución das actuacións subvencionadas mediante a presentación da seguinte documentación:
 - a. Certificación expedida pola secretaría da entidade local, co visto e praxe da alcaldía, relativa á aprobación polo órgano competente da conta xustificativa da subvención, en que se faga constar como mínimo, de xeito detallado:
 - O cumprimento da finalidade da subvención.
 - Os distintos conceptos e contías correspondentes aos gastos totais soportados polo concello beneficiario imputables á actuación subvencionada coa seguinte relación: identificador do acredor (traballador/a, Tesouraría Xeral da Seguridade Social, Axencia Tributaria), número de factura ou documento equivalente, importe e data de emisión e data de recoñecemento da obriga polo órgano competente.
 - b. Certificación emitida pola secretaría do concello na que se faga constar que na selección e contratación do persoal seguíronse os procedementos establecidos na normativa de aplicación á selección do persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, merito e capacidade.



- c. Certificación da intervención ou do órgano que teña atribuídas as facultades de control da toma de razón en contabilidade e do cumprimento da finalidade para a cal foi concedida a subvención.
- d. Declaración complementaria referida á obtención doutras subvencións, axudas ou recursos que financien as actividades obxecto do convenio.
- e. Declaración responsable de non estar o concello incurso en ningún dos supostos previstos no artigo 10, números 2 e 3, da Lei de subvencións de Galicia.

Para os efectos do previsto no 31.7 e concordantes da Lei de subvencións de Galicia, esta declaración será documento suficiente para acreditar que o concello se atopa ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda coa administración pública da Comunidade Autónoma e que non é debedor por resolución de procedemento de reintegro.

Á vista desta documentación o órgano competente da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza expedirá certificación acreditativa do cumprimento polo concello beneficiario e dentro dos prazos establecidos, dos requisitos esixidos neste convenio para proceder ao pagamento da subvención.

- 2. No caso de que os gastos realizados e xustificados polo concello teñan un custo inferior ao inicialmente previsto e sempre que isto non supoña unha realización deficiente das actuacións subvencionadas, a contía da subvención reducirase proporcionalmente, manténdose constante a porcentaxe da axuda respecto ao custo total das actuacións, dando lugar, de ser o caso, ao inicio dun procedemento de reintegro total ou parcial da subvención percibida.

Sexta. Prazo de xustificación

O prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención será dende a formalización do convenio ata o 31 de outubro de 2017.

Sétima. Perda do dereito ao cobramento da subvención

- 1. Producirase a perda do dereito do concello de Ribeira ao cobramento total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación, xustificación insuficiente, deficiencias non emendables na documentación xustificativa ou concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 33 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable.
- 2. Sen prexuízo de calquera outra causa que derive da normativa aplicable, constitúen en todo caso unha causa de perda do dereito ao cobramento da subvención as seguintes:
 - a) Non presentar toda a documentación xustificativa en tempo e forma, de conformidade co previsto nas cláusulas deste convenio e demais normativa de aplicación.
 - b) Incumprimento das condicións establecidas para a concesión da subvención. Sen prexuízo doutros supostos, considerarase incumprimento das condicións establecidas para a concesión as seguintes:
 - Non executar o proxecto que fundamenta a concesión da subvención, que é a contratación de auxiliares de policía local durante a tempada de verán do exercicio 2017. En todo caso, entenderase que non se executou o proxecto



completo cando se xustifiquen gastos por importe inferior ao 60% sobre o orzamento inicial.

- Non acreditar na forma establecida na cláusula quinta que na contratación do persoal auxiliar de policía local se seguiron os procedementos establecidos na normativa de aplicación ao persoal ao servizo das administracións públicas con pleno respecto aos principios de igualdade, mérito e capacidade.
- O incumprimento da obriga de acreditar a execución do proxecto subvencionado antes da finalización do prazo de xustificación, nos termos establecidos na cláusula quinta.

Oitava. Efectividade dos pagamentos

1. Segundo o artigo 3 do Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, considerarase gasto realizado cando se teña contabilizado o recoñecemento da obriga polo órgano competente da entidade local.
2. No entanto, cada concello beneficiario está obrigado a acreditar documentalmente a efectividade dos pagamentos dos gastos correspondentes ás actuacións subvencionadas, incorporados na relación indicada na cláusula quinta, alínea a), no prazo máximo de sesenta días naturais contados a partir da data do ingreso da subvención concedida na conta bancaria do concello beneficiario.
3. A efectividade dos pagamentos acreditarase mediante a presentación dos seguintes documentos:
 - a) Os gastos acredítanse mediante a presentación de orixinais ou copias debidamente compulsadas das nóminas e dos TC2.
 - b) Os pagamentos acredítanse mediante a presentación da seguinte documentación:
 - O pagamento de nóminas mediante xustificante da transferencia bancaria á conta do perceptor.
 - O pagamento das cotas da seguridade social, mediante a presentación dos TC2 e o recibo de cargo en conta emitido pola entidade bancaria a través da cal se realice o pagamento.
 - Documentación xustificativa do ingreso na Axencia Tributaria das retencións e ingresos a conta do I.R.P.F., nos supostos en que este sexa subvencionable.

Os xustificantes de transferencias bancarias estarán debidamente identificados e selados pola entidade bancaria, e serán documentos orixinais.

Naqueles casos en que o pagamento se realice mediante banca electrónica, o xustificante da transferencia bancaria deberá presentarse asinado e selado pola entidade beneficiaria das subvencións e nel constará a identificación da persoa e cargo que asina o xustificante de pagamento. Para estes efectos non se admitirán selos de compulsas.

 - c) Para o cómputo do prazo dos sesenta días naturais, o concello presentará un certificado da intervención municipal en que se faga constar a data de ingreso na conta bancaria do concello do aboamento da subvención.
4. A Dirección Xeral de Administración Local poderá solicitar calquera outra documentación necesaria para a correcta verificación da efectividade dos pagamentos realizados.

Novena. Reintegros

1. Procederá o reintegro parcial ou total da subvención nos casos previstos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e concordantes do Decreto 11/2009 do 8 de xaneiro.
2. No caso de producirse o incumprimento das obrigas do beneficiario da subvención recollidas na cláusula segunda deste convenio ou calquera outra das sinaladas no artigo 11 da Lei de subvencións de Galicia e demais lexislación aplicable, o concello beneficiario comprométese a reintegrar as cantidades percibidas, se as houbese, xunto cos xuros de demora que deba aquel, segundo o procedemento establecido no título II do mesmo texto legal.
3. Procederá o reintegro proporcional se o custo efectivo final do proxecto resulta inferior ao orzado. O eventual exceso de financiamento público calcularase tomando como referencia a proporción que a achega debe alcanzar respecto do custo total, de conformidade co previsto na cláusula terceira deste convenio.
4. Igualmente, de conformidade co disposto no artigo 17.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, procederá o reintegro do exceso percibido no suposto de que o importe da axuda, illada ou en concorrencia con subvencións ou axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da actividade subvencionada.
5. De resolverse o convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, poderá esixir o reintegro das cantidades achegadas, de ser o caso.

Décima. Compatibilidade con outras subvencións

Conforme o disposto no artigo 40.1, letra d) do Decreto 11/2009, a achega económica prevista no presente instrumento será compatible con outras subvencións, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais, da Unión Europea ou e organismos internacionais.

Porén, o importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos, supere o custo da obra ou equipamento subvencionados.

Décimo primeira. Facultades de inspección

A Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través dos seus servizos técnicos resérvase a facultade de realizar as inspeccións e comprobacións que considere necesarias co fin de asegurar o cumprimento das normas e requisitos cos que se concede esta axuda.

Décimo segunda. Seguimento do convenio

Para facilitar o seguimento, cumprimento e a coordinación do convenio, constituirase unha comisión de mixta de seguimento, integrada por dúas persoas representantes da Dirección Xeral de Administración Local e dúas persoas representantes do concello.

A comisión rexerase polo establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público e estará presidida por quen acorden os membros da comisión por maioría simple e actuará como secretario quen designen da mesma forma.



A comisión poderá ditar as súas propias normas de funcionamento, debendo reunirse cando así o solicite algunha das partes. As súas funcións serán:

- Interpretación do convenio
- Proposta, de ser o caso, de addendas
- Resolver cantas dúbidas se lle presenten polos membros integrantes.
- Calquera outras relacionadas co desenvolvemento deste convenio

Décimo terceira. Causas de resolución

O presente convenio extingúese polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Son causas de resolución:

- a) Incumprimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.
- b) Transcurso do tempo fixado sen que se executen as actuacións obxecto da subvención ou sen se ter acordado a súa prórroga.
- c) Acordo unánime de todas as partes asinantes.
- d) Decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio
- e) Calquera outra causa prevista nas leis

Décimo cuarta. Vixencia do Convenio

Sen prexuízo do establecido na cláusula cuarta, o presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e estendera a súa vixencia ata o 31 de outubro de 2017.

Décimo quinta. Natureza do Convenio

O presente convenio ten natureza administrativa e as discrepancias que xurdan pola súa aplicación serán resoltas, logo de informe ou proposta da comisión de seguimento, pola Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, quedando as partes suxeitas á xurisdición contencioso-administrativa para a resolución de calquera conflito que puidese xurdir na súa aplicación.


Décimo sexta. Publicidade do convenio

As partes asinantes do convenio manifestan o seu consentimento para que os datos persoais que constan neste convenio, así como o resto das especificacións contidas no mesmo, poidan ser publicados no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

En cumprimento do disposto nos artigos 18 e 20.8 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, comunicárase a subscrición deste convenio á Base de Datos Nacional de Subvencións, que opera como sistema nacional de publicidade de subvencións.

Décimo sétima. Normativa aplicable

En todo o non previsto expresamente polo presente convenio estarase ao disposto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo





que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións, no Decreto 193/2011, do 6 de outubro, polo que se regulan especialidades nas subvencións ás entidades locais galegas, e demais normativa de aplicación.

E en proba de conformidade co expresado neste convenio, asínase polas partes comparecentes, por duplicado exemplar e para un só efecto, no lugar e data que se sinalan no encabezamento.

O vicepresidente e conselleiro de Presidencia,
Administracións Públicas e Xustiza



Alfonso Rueda Valenzuela

O alcalde do Concello de Ribeira



Manuel Ruíz Rivas

ANEXO ORZAMENTO**AUXILIARES DE POLICÍA LOCAL**

Primeiro.- O orzamento detallado das contratacións de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2017 (período do 1 de xuño e o 30 de setembro 2017) é como se distribúe na seguinte táboa:

Mes	Soldo	SS. Cargo empresa	Nº traballado res	Total mes
XUÑO	1.219,56	477,92	7	11.882,36
XULLO	1.219,56	477,92	7	11.882,36
AGOSTO	1.219,56	477,92	7	11.882,36
SETEMBRO	1.219,56	477,92	7	11.882,36
Total				47.529,44

Segundo.- O número de contratos temporais de auxiliares de policía local durante a tempada de verán 2017 non supera o 50% do persoal funcionario da policía local do Concello de Riveira.

